



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FISTERRA

Bases do proceso selectivo para elaborar unha lista de persoal funcionario interino para posto de arquitecto/a (grupo A1, escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos superiores)

EXPEDIENTE : 2025/E001/000001

Bases do proceso selectivo para elaborar unha lista de persoal funcionario interino para posto de arquitecto/a (grupo A1, escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos superiores)

1. Obxecto

O obxecto deste proceso selectivo é a elaboración dunha lista de persoal temporal para postos de arquitecto, cando por razóns de necesidade e urxencia sexa preciso o nomeamento de persoal interino, de acordo coas circunstancias recollidas para estes supostos na lexislación vixente. O posto de traballo ten as seguintes características:

- Denominación: Arquitecto
- Código catálogo: non consta
- Escala: Administración Especial
- Subescala: Técnica
- Grupo de pertenza: A1
- Nivel: 26
- Complemento Específico Mensual: 1.485,60 €, máis as adecuacións previstas nas Leis de Orzamentos Xerais del Estado que, no seu caso, correspondan

2. Requisitos das persoas aspirantes

2.1. Para ser admitidas ao proceso selectivo as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ter nacionalidade española ou cumprir os requisitos establecidos no artigo 57 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, no suposto de acceso ao emprego público de nacionais doutros Estados.
- b) Posuír a capacidade funcional necesaria para o desempeño das tarefas do posto: non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións e tarefas que se deriven do nomeamento.
- c) Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Non ser separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do que a persoa foi separada ou inhabilitada. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.
- e) Estar en posesión do título de Arquitecto ou titulación equivalente que habilite para o exercicio da profesión de arquitecto. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, no seu caso, a homologación.
- f) Estar en posesión do CELGA 4, ou equivalente, ou estar en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de instancias. En todo caso, e con arranxo ao previsto no artigo 51.2 da LEPG, as persoas aspirantes que non acrediten o coñecemento da lingua galega requirido (CELGA 4), deberán realizar unha proba específica de coñecemento da lingua galega, de conformidade co previsto para o terceiro exercicio da fase de oposición e que cualificará os/as aspirante como apto/a ou non apto/a.

2.2. Todos os requisitos establecidos na base 1.1. deberán posuírse no día da finalización do prazo de presentación de solicitudes, manterse durante todo o proceso de selección e acreditar o seu cumprimento como requisito previo imprescindible para poder ser nomeado, no seu caso, funcionario interino.

3. Funcións do posto

As funcións do posto son as establecidas no documento “Modificación da Vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Fisterra para a creación do posto de Arquitecto/a Municipal”:

- Emisión de informes para licencias, comunicacións previas tanto de obras coma actividades.
- Emisión de informes técnicos en materias de planeamento, xestión e disciplina urbanística.
- Realización de proxectos das obras municipais que lle sexan encomendados dentro das súas competencias.
- Dirección de obras municipais que lle sexan encomendadas.
- Funcións de inspección, asesoramento e control de Protección da legalidade urbanística de carácter técnico.
- Control e asesoramento da obra pública municipal.
- Elaboración dende o punto de vista técnico de documentos de planificación e urbanización.
- Inspección cado sexa requerido para elo dos servizos obxecto de concesión ou contratados a empresas externas, no ámbito da súa competencia.
- Realización de funcións técnicas para as que habilite o título profesional requerido para o posto.
- Calquera outra, relacionada co posto de traballo, que lle sexa encomendada polo superior xerárquico, e Alcaldía.

Especial dispoñibilidade e dedicación. Total incompatibilidade.

4. Solicitudes e prazo de presentación

4.1. As solicitudes para tomar parte no proceso selectivo presentaranse, conforme ao modelo que figura no ANEXO I das presentes bases, no rexistro xeral do Concello de Fisterra, ou por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

O prazo de presentación das solicitudes será de 15 días naturais, que se contarán a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOP.

A non presentación da solicitude en tempo e forma suporá a non admisión do aspirante ao proceso selectivo.

4.2. Documentación que se ten que presentar:

- Fotocopia do DNI, pasaporte ou documento fidedigno que acredite a identidade e nacionalidade da persoa candidata.
- Fotocopia da titulación requirida.
- No seu caso, fotocopia do certificado de discapacidade en grao igual ou superior ao 33 por cento emitido polo órgano competente.
- Fotocopia do certificado que acredite obter o Celga 4 de galego ou superar o curso de perfeccionamento.

4.3. Aquelas persoas aspirantes que acrediten un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 por cento e que precisen adaptacións de tempos e/ou medios para a realización das probas selectivas, ademais de formular de forma expresa a petición na solicitude, especificando o tipo de adaptación que solicitan, deberán presentar certificado médico xustificativo da adaptación solicitada.

Se no desenvolvemento do proceso selectivo se suscitasen dúbidas ao tribunal respecto da capacidade das persoas aspirantes con algunha discapacidade para o desempeño das funcións dos postos obxecto da convocatoria, poderá solicitar o correspondente ditame do órgano competente da comunidade autónoma.

5. Admisión de aspirantes

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, a persoa titular da Alcaldía declarará aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos, con indicación da causa de exclusión en cada caso, que se publicarán no Boletín Oficial da Provincia, concedendo un prazo de dez días hábiles para os efectos de reclamacións. Aqueles que no prazo sinalado non emenden os defectos xustificando o seu dereito para ser admitidos, serán definitivamente excluídos do proceso selectivo.

Finalizado o dito prazo, por resolución da alcaldía aprobarase a lista definitiva, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia, xunto coa composición do tribunal cualificador, lugar, data e hora do primeiro exercicio.

Unha vez finalizado este prazo, por resolución da alcaldía aprobarase a relación definitiva de admitidos e excluídos e determinará o lugar, a data e hora de comezo do primeiro exercicio das probas selectivas, así como a relación nominal dos membros que comporán o Tribunal Cualificador. Esta resolución publicarase no Boletín Oficial da Provincia.

Os erros na consignación de datos persoais rectificaranse de oficio ou a instancia do interesado en calquera momento do proceso selectivo.

6. Tribunal cualificador

O tribunal estará constituído por un presidente/a, tres vogais e un secretario/a, que haberán de cumprir os requisitos sinalados no art. 60, do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e demais normativa aplicable.

As persoas que formen parte do tribunal deberán absterse de intervir cando concorran nelas algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e no artigo 59.2 da Lei 2/2015 de Emprego Público de Galicia.

A presidencia do tribunal poderá solicitar ás persoas que formen parte do tribunal unha declaración expresa de non atoparse en ningunha das circunstancias reflectidas no parágrafo anterior.

As persoas aspirantes poderán recusar aos integrantes do tribunal, de acordo co establecido no artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Os tribunais poderán excluír ás persoas opositoras en cuxas follas de exame figuren nomes, marcas ou signos que permitan coñecer a identidade dos seus autores ou leven a cabo calquera tipo de actuación fraudulenta durante a realización dos exercicios.

O réxime xurídico aplicable aos tribunais axustarase en todo momento ao disposto para os órganos colexiados na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Os acordos dos tribunais só poderán ser impugnados polas persoas interesadas nos supostos e na forma establecida na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Os tribunais continuarán constituídos ata que se resolvan as reclamacións suscitadas.

O tribunal de selección quedará incluído na categoría que corresponda ao grupo de titulación ao que pertenza a praza convocada para os efectos de percepción de asistencias, de acordo co disposto no R.D. 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo.

O tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se presentaren e tomar os acordos necesarios para a boa orde das probas no non previsto nestas bases. En todo o non previsto nas presentes base, o procedemento de actuación do tribunal axustarase ao establecido na normativa aplicable á formación da vontade dos órganos colexiados do sector público.

7. Desenvolvemento do proceso selectivo

Unha vez comezado o proceso selectivo, os anuncios das puntuacións de cada exercicio, así como de celebración das sucesivas probas, expóranse no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Fisterra na dirección electrónica <https://sede.concellofisterra.gal/sxc/es/> con vinte e catro (24) horas de antelación, como mínimo, con respecto ao seu comezo.

O chamamento para cada exercicio será único. Será excluído do proceso selectivo quen non compareza.

As probas terán carácter eliminatorio e na realización dos exercicios garantirase o anonimato das persoas aspirantes.

Os días das probas as persoas aspirantes deberán ir provistas de DNI ou de documento fidedigno que acredite a súa identidade.

Para respectar os principios de publicidade, transparencia, obxectividade e seguridade xurídica que deben rexer o acceso ao emprego público, o tribunal establecerá e informará as persoas aspirantes, con anterioridade á realización dos exercicios, dos criterios de corrección, valoración e superación que non estean previstos expresamente nestas bases.

Calquera referencia normativa do temario entenderase referida ás disposicións legais vixentes na data de publicación no BOP das bases específicas da convocatoria.

Nos exercicios tipo test, o tribunal publicará a relación de respostas correctas ás preguntas formuladas (incluídas as de reserva) para os efectos de posible presentación de reclamacións dos interesados durante un prazo de 5 días hábiles.

No caso de que o tribunal anule algunha das preguntas formuladas como consecuencia das reclamacións presentadas ou ben de oficio, publicarase o acordo adoptado.

Unha vez que conclúan os procesos selectivos, o tribunal formulará a súa proposta á Alcaldía para aprobar a lista correspondente.

8. Forma de selección

As probas selectivas constarán dos seguintes exercicios de carácter, todos eles, obrigatorio e eliminatorio:

- 1.º **Exercicio:** consistirá na contestación dun cuestionario de 100 preguntas con 3 respostas alternativas, máis outras 10 preguntas de reserva sobre os temas do temario anexo, nun tempo máximo total dúas horas. A puntuación será de 0,00 ata 30,00 puntos, sendo necesario para aprobar obter un mínimo de 15,00 puntos. Cada pregunta correcta obterá unha puntuación de 0,30 e cada pregunta incorrecta descontará 0,10 puntos. As preguntas non contestadas non descontarán.
- 2.º **Exercicio:** consistirá na resolución dun ou dous supostos prácticos relacionados coas materias do programa, nun tempo máximo de dúas horas. A puntuación será de 0,00 ata 30,00 puntos, sendo necesario para aprobar obter un mínimo de 15,00 puntos.
- 3º **Exercicio:** consistirá na tradución dun texto do castelán ao galego e outro do galego ao castelán a proposta do tribunal, no tempo máximo total dunha hora. Estarán exentos de realizar este exercicio os aspirantes que acrediten posuír o curso de perfeccionamento ou o Celga 4, o que deberán acreditar presentando o certificado correspondente xunto coa instancia, segundo o disposto na Base segunda. A cualificación será de apto ou non apto.

ANEXO I . TEMARIO**Parte xeral**

1. A Constitución Española de 1978: principios xerais e estrutura. Dos dereitos e deberes fundamentais. A reforma constitucional. A organización territorial do Estado na Constitución.

2. Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia: estrutura e contido. Do poder galego. Réxime xurídico das competencias de Galicia.

3. Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local: entidades que integran a Administración Local. Réxime de funcionamento das entidades locais. O municipio e as provincias: organización e competencias.

4. Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais: recursos das entidades locais. Impostos, taxas, contribucións especiais. As ordenanzas fiscais.

5. Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas: o interesado no procedemento. A actividade das administracións públicas: normas xerais de actuación; termos e prazos. Os actos administrativos. O procedemento administrativo común: Dereitos do interesado no procedemento. Iniciación, ordenación, instrución e finalización. A tramitación simplificada do procedemento administrativo común. A revisión de actos en vía administrativa: recursos administrativos e revisión de oficio.

6. O Real Decreto Legislativo 5/2015 do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público: obxecto e ámbito de aplicación. Persoal ao servizo das administracións públicas: clases de persoal. Dereitos e deberes dos empregados públicos. Código de conduta.

7. Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia: Disposicións xerais. Dereito á igualdade entre mulleres e homes. A transversalidade. Promoción da igualdade de mulleres e homes no ámbito local. As condicións de emprego en igualdade na administración pública galega.

8. Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais: Disposicións xerais. Principios da protección de datos. Dereitos das persoas. Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística de Galicia: uso oficial do galego.

Parte específica

9. O marco legal do urbanismo en España. Competencias estatais e autonómicas. As sentenzas 61/1997, 164/2001, 141/2014 e 143/2017 do Tribunal Constitucional.

10. O Real decreto legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana. Real decreto 1492/2011, do 24 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de valoracións da Lei do solo.

11. A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. O Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do solo de Galicia.

12. Estatutos básicos da cidadanía, iniciativa privada e propiedade do solo. Situacións básicas, clasificación e categorías do solo. Réximes das distintas categorías do solo.

13. As normas de aplicación directa. Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe. Protección das vías de circulación.

14. Lexislación sectorial sobre montes, portos, ferrocarrís, aeronáutica, telecomunicacións, comercio e turismo.

15. Lexislación sectorial sobre augas: o Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas; o Real decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do dominio público hidráulico, que desenvolve os títulos preliminar I, IV, V, VI e VII da Lei 29/1985, do 2 de agosto, de augas; a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia; o Decreto 1/2015, do 15 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da planificación en materia de augas de Galicia e se regulan determinadas cuestións en desenvolvemento da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia.

16. Lexislación sectorial sobre costas: a Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, a Lei 2/2013, do 29 de maio, de protección e uso sostible do litoral e de modificación da Lei 22/1988 de costas; o Real Decreto 876/2014, do 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral de costas; o Decreto 97/2019, do 18 de xullo, polo que se regulan as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre e a Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia.

17. Lexislación sectorial sobre estradas: A Lei 37/2015, do 29 de setembro, de estradas; a Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia e o Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia.

18. A Lei 16/1985, do 25 de xullo, do patrimonio histórico español. A Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
19. Normas de sustentabilidade e calidade dos plans. Límites de intensidade. Reservas para dotacións públicas. Reserva de solo para vivendas de protección pública.
20. Os instrumentos de planeamento urbanístico. Plan xeral. Preparación, formación, vixencia, alteración e efectos.
21. Planeamento de desenvolvemento. Plans parciais e plans especiais. Delimitacións de solo de núcleo rural. Estudos de detalle e catálogos. Preparación, formación, vixencia, alteración e efectos.
22. O Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia.
23. Avaliación ambiental estratéxica e de impacto ou incidencia ambiental. A Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia. A Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.
24. A execución dos plans. Distritos, sectores e unidades de actuación. Áreas de repartición e aproveitamento tipo. Polígonos. Actuacións sistemáticas e illadas. Proxectos de urbanización.
25. Intervención no mercado inmobiliario. Patrimonios públicos do solo. Venda e substitución forzosa. Dereito de superficie.
26. Licenzas, comunicacións previas e declaracións responsables. Declaracións de obra nova. Primeira ocupación. Usos e obras provisionais. Edificios fóra de ordenación e desconformes coa ordenación.
27. Disciplina urbanística. Deber de conservación e ruína. Ordes de execución. Protección da legalidade urbanística e sancións.
28. Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Fisterra, aprobado definitivamente por Orde do 5 de agosto de 2019.
29. A Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia. O Decreto 61/2021, do 8 de abril, polo que se regula o informe de avaliación dos edificios e se crea o Rexistro Galego de Informes de Avaliación dos Edificios.
30. A Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, título III Regulación integrada do exercicio de actividades. Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos. Comunicacións previas urbanísticas e comunicacións previas de actividade.
31. A Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia. Decreto 124/2019, do 5 de setembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ao público da Comunidade Autónoma de Galicia e se establecen determinadas disposicións xerais de aplicación na materia. O Decreto 226/2022, do 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas e se constitúe o Rexistro de Empresas e Establecementos.
32. A Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia. O Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban definitivamente as Directrices de ordenación do territorio. O Decreto 20/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan do litoral de Galicia. Plan territoriais, plans sectoriais e proxectos de interese autonómico.
33. A Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade. Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia. Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia.
34. A Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia. O Decreto 96/2020, do 29 de maio, polo que se aproba o Regulamento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia. O Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices de paisaxe de Galicia.
35. A Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación. Axentes, responsabilidades e garantías. Redacción de proxectos e dirección de obras. O Real Decreto 1000/2010, do 5 de agosto, sobre visado colexial obrigatorio.
36. A Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade de Galicia. O Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia. O Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e a súa inclusión social. O Real Decreto 505/2007, do 20 de abril, polo que se aproban as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación das persoas con discapacidade para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados e edificacións. A Orde TMA/851/2021, do 23 de xullo, pola que se desenvolve o documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e a utilización dos espazos públicos urbanizados.

37. A Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia. O Decreto 29/2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.

38. O RD 314/2006, do 17 de marzo, polo que se aproba o Código Técnico da Edificación. Disposicións xerais. Os DB-SE, DB-SE-AE, DB-SE-C, DB-SE-A, DB-SE-F, DB-SE-M, DB-SI, DB-SUA, DB-HR, DB-HS e DB-HEI. A Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído. O Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia. O Real decreto 1027/2007, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de instalacións térmicas nos edificios. O Real Decreto 390/2021, do 1 de xuño, polo que se aproba o procedemento básico para a certificación da eficiencia enerxética dos edificios. O Decreto 128/2016, do 25 de agosto, polo que se regula a certificación enerxética de edificios na Comunidade Autónoma de Galicia.

39. A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014. O Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas. Especial referencia aos contratos de obras e de servizos. Supervisión de proxectos. Pregos de prescricións técnicas.

40. Medidas preventivas na construción. Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción. Real decreto 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición. A Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia. O control de calidade do proxecto e da execución da obra.

ANEXO II - SOLICITUDE

PROCESO SELECTIVO PARA A ELABORACIÓN DUNHA LISTA DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO PARA O POSTO DE ARQUITECTO/A NO CONCELLO DE FISTERRA

Datos persoais

Primeiro apelido:	Segundo apelido:	Nome:	DNI:
Sexo:	Data de nacemento:	Lugar de nacemento:	
Teléfono:	Correo electrónico:	Enderezo:	

O/a abaixo asinante, solicita ser admitido/a no proceso selectivo a que se refire a presente instancia, para o que declara:

- Que posúe todos os requisitos que se esixen para o ingreso na función pública e máis concretamente na base segunda da convocatoria, comprometéndose a achegalos no caso de ser seleccionado/a.
- Que está exento/a de realizar a proba de galego (só no caso de estar en posesión do CELGA 4 ou ter superado o curso de perfeccionamento en lingua galega ou nivel equivalente).
- Que manifesta coñecer as bases da convocatoria e acéptaa na súa integridade.
- Que admite as notificacións o través de mensaxe electrónica, o telefono xa indicado
- Que achega copia do DNI, pasaporte ou documento de identificación acreditativo da nacionalidade
- Que achega copia do o título requirido con arranxo ao sinalado no apartado e) da base segunda, ou da titulación equivalente
- Que achega copia do certificado de posuír, de ser o caso, o coñecemento da lingua galega
- Que precisa a seguinte adaptación de tempo e/ou medios:

En Fisterra, a 14 de marzo de 2025

A Alcadesa-Presidenta do Concello de Fisterra

Áurea Domínguez Sisto

2025/1667